

## BOLETÍN

# VIII CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN PEDESTRE CARBALLIÑO 2016

**ORGANIZACIÓN:** Delegación Ourenzá da FEGADO (Federación Galega de Orientación) e Agrupación Deportiva Escolar Arenteiro.

**DATA:** *Sábado 16 de abril de 2016.*

**LUGAR:** *Parque Municipal do Carballiño, paseo fluvial do Arenteiro e arredores.*

**SECRETARÍA:** *Campo de Fútbol de Espiñedo, Avda de Galicia 47. O Carballiño (Ourense) (42.425043, -8.086202). A saída é a meta estarán a 500m (aprox) da secretaría.*

### **HORARIO:**

- 10:30: Apertura da secretaría (entrega de dorsais e pinzas electrónicas).
- 11:00: Saída do primeiro participante.
- 14:00: Entrega de medallas.

**MODALIDADE:** Modalidade de orientación en liña, na que o participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica e con saída individual contrarreloxo.

### **Distancia Longa**

**ATENCIÓN:** Durante a carreira haberá que atravesar unha estrada de baixa circulación. Por razóns de seguridade, neste paso será o persoal de Protección Civil o que indique o momento para atravesar a estrada ou non. A cada beira da estrada estarán situadas balizas de control que nos farán deter antes de cruzar a estrada.

Haberá controis moi próximos, polo que é moi importante comprobar o número-código da baliza.

**TERREO:** Haberá dúas zonas diferenciadas; unha delas será un bosque reconvertido nun parque semiurbano, cunha rede extensa de camiños así como unha boa penetración con alternancia de claros, zonas de repoboación e axardinadas; e outra, un piñeiral con áreas de vexetación mais densas, onde abundan os muros de pedra ou terra, xunto aos detalles de vexetais. Mapa de Orientación homologado a escala 1:7500 con equidistancia a 5m, realizado en

2016 por Martín Morales Ferreiro. O mapa orixinal abrangúa só a zona de parque semiurbano e foi realizado por Javier Arufe Varela no 2011, sendo tamén actualizado para a presente proba.

### CATEGORÍAS E PERCORRIDOS

PERC	CATEGORIAS	DISTANCI A	DESNIVEL	Nº CONTROIS
1	INFANTIL FEMININO (2003/2002)	__km	__m	
2	INFANTIL MASCULINO (2003/2002)	__km	__m	
3	CADETE FEMININO (2001/2000)	__km	__m	
4	CADETE MASCULINO (2001/2000)	__km	__m	

**INSCRICIÓNS:** Poderán participar os **10 primeiros clasificados** nos respectivos **Campionatos Provinciais Escolares 2016**, nas súas respectivas categorías, sumando un total de 40 orientadores por provincia, así como os orientadores con licenza da tempada, nados nos anos indicados, aínda que non tivesen acadado ditos postos.

A inscrición é gratuita para todos os participantes, facéndose cargo a FEGADO dos costes da mesma, así como da correspondente licenza de día, no seu caso.

A inscrición formalizárase a través dun representante provincial (dos clubs organizadores das probas provinciais, é dicir: APA Liceo de A Coruña, Fluvial de Lugo, Pena Trevinca Barco de Ourense e AROMON de Pontevedra), por medio dunha folla Excel que facilitará o clube organizador, cos seguintes campos:

Apelidos, Nome, Categoría (INF MASC, INF FEM, CAD MASC, CAD FEM), Clube ou Centro escolar, Provincia, Licenza (tempada, día), DNI e Data de Nacemento (DD/MM/YYYY)

*O desprazamento corre a cargo dos participantes.*

O clube organizador asignará unha pinza electrónica a cada participante que careza dela, de xeito gratuito.

A data límite para enviar a listaxe de inscritos ao correo electrónico ([fegadourense@gmail.com](mailto:fegadourense@gmail.com)) será o Martes 12 de Abril, ás 14:00 h.

Os tres primeiros clasificados de cada categoría gozarán dunha axuda económica, dentro das disponibilidades orzamentarias, cara á concentración de verán organizada en Soria pola **FEGADO**, no marco dos **5 Días de Orientación de España**.

### SEGURIDADE:

- Lémbrese a todos os participantes que están obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descalificación.
- **Durante a carreira todos os percorridos cruzarán unha estrada por un único punto habilitado. Por razóns de seguridade, neste paso será o persoal de Protección Civil o que indique o momento para atravesar a estrada ou non, polo que cada corredor é responsable de respectar as ordes da organización.**
- Tamén haberá outras estradas menores de moi escasa circulación, polas que se transitará coa máxima precaución.
- Hai que transitar coa precaución debida, especialmente nas baixadas e co chan mollado. Pode haber folla caída que tape os camiños. Coidado coas escaleiras, muros e cortados que se atopen no terreo.

SISTEMA DE CONTROL: Por medio de Pinza Electrónica.

### REGULAMENTO

- Durante a competición, os participantes fóra desta, non poderán saír da zona de concentración no campo de fútbol de Espiñedo, onde estará a Pre-saída. A saída estará a 500 metros (10 min).
- Pódese usar unha búa analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Esta prohibido usar calquera outro aparello electrónico de axuda á navegación.
- Non se permitirá a saída de corredores **sen o seu dorsal**.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. *Balizas de distintos percorridos moi próximas. Ollo ao número-código da baliza!*
- **É obrigatorio pasar pola meta** aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.

- Non esta permitido seguir a outros participantes.
- Non esta permitido falar con outros participantes.
- Hai que respectar ás normas de circulación vial.
- Na meta non se lle recollerá o mapa a cada participante, contamos co “xogo limpo” dos participantes.

Calquera aspecto non recollido nas normas anteriores, regularáse a través dos correspondentes regulamentos vixentes da modalidade O-Pé da FEGADO.

## ACCESO Á ZONA DE COMPETICIÓN



## Zona de concentración A saída e meta estarán a 500 metros do campo de fútbol

### **ATENCIÓN:**

As **duchas** e a **entrega de medallas** terán lugar no Campo de Fútbol de Espiñedo, Avda de Galicia 47, O Carballiño (Ourense) (42.425043, -8.086202)

Máis información actualizada en:

- <http://fegado.es/>

**Delegación Ourense da FEGADO**

*Ourense, a 4 de abril de 2016*